


1º CICLO ESO



FRAN ALONSO. Poetízate. Xerais.
A poesía non morde, non é aburrida, romanticona nin difícil. Divertida antoloxía poética. Unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da poesía galega. Un libro pensado para as persoas que non están afeitas a ler poesía. ¿Para que? Para cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, rebelarse contra o mundo ou só para falar suave na orela. Este é un libro para sentir, gozar e intuír a poesía

MARCOS CALVEIRO. Palabras de auga. Xerais.

O pobo africano de Amadou, o rapaz protagonista, é nomada e camiña pola sabana, baixo un sol abrasador, na búsqueda de auga. Amadou aprenderá da súa nai a colleitar o alimento agochado nos formigueiros, mais tamén, como afouto guerreiro, haberá de se enfrentar axiña cos perigos da caza e da procura de Numba, o seu irmán maior, desaparecido no campamento dos nenos soldado.



AVI WORTIS. El libro sin palabras. Alfaguara
Unha fábula de maxia medieval... un libro que só poderán ler aqueles que teñan os ollos verdes...

TERESA GONZÁLEZ COSTA.

A filla do ladrón de bicicletas. Xerais

Serafina, filla dun ladrón de bicicletas, aspira a ser equilibrista nun circo con Celerifera, a bicicleta coa que consegue abraiar. Conta coa axuda do vello Elías, pero ten que superar as dificultades que lle ocasionan a panda de Martiño o Bravo.



2º CICLO ESO



MARÍA REIMÓNDEZ.


En vías de extinción. Xerais.

Traxectoria vital de Gaia, unha muller rexa, ecoloxista, feminista, galeguista, nacionalista....e en todo guiada polo amor e a liberdade. Derradeira novela de María Reimóndez que encantará ás mulleres e non deixará indiferentes ós homes.


CARLOS RUIZ ZAFÓN.

El prisionero del cielo. Planeta

Barcelona, 1957. Danniel Sempere e Fermín, os protagonistas de *La sombra del viento*, deben afrontar o máis grande desafío das súas vidas: Descubrir o enigma que se agocha no corazón do Cemiterio dos Libros Olvidados.




SUSO DE TORO. Conta saldada. Alfaguara.



Catuxa descobre que o que ela pensaba, e o resto da xente cría, a norte do seu pai non foi un suicidio, senon un asesinato. Descubre tamén que ten un irmán, Xermán. Xuntos queren saldar a norte do seu pai, pero,... Se che gustan as historias macabras e de misterio, este é o libro perfecto.

ANTÓN CORTIZAS. Leonel. Xerais.

Cando Miguel colleu o tren que o levaría á aldea dos avós non imaxinaba que ía vivir o máis apaixonante verán da súa vida. Porque alí atopa un mundo fascinante; vese mergullado na solución dun apaixonante misterio; coñece a Leonel e á Metralla; namorase de Ana; e porque....




BACHARELATO

XOSÉ CARLOS CANEIRO.

Talvez melancolía. Espiral maior

Diario dun home imposible.



JUAN JOSÉ MILLÁS.

Cerberos son las sombras.

Seix arral

Carta d un adolescente dirixida ó seu pai. Describe as relacións familiares marcadas por la falta de comunicación, a clandestinidade e a tensa espera dunha desexada fuxida do país.



MANUEL RIVAS.

En salvaxe compañía. Xerais.

Un libro que trata do amor. De como ás veces as parellas equivocan os camiños e logo e trade para recuar. De como o amor nos alcanza a todos, ninguén se libra. Todo fala de amor e do amor.




MARIO VARGAS LLOSA.

La fiesta del chivo.

Alfaguara


Santo Domingo. Dictador Trujillo, alcumado "o Chivo", experiencias e vivencias dun grupo de inconformistas co reximen dictatorial que deciden tomar a xustiza pola súa man.



ADULTOS

MITCH ALBOM.

Martes con mi viejo profesor. Maeva Diálogo dun enfermo de ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica), enfermidade dexenerativa e incurable, co seu vello profesor de universidade, que invita a valorar a vida, a amizade, a familia e os pequenos detalles do día a día. Unha testemuña sobre a amizade, a vida e o amor




BOCAS DEL TIEMPO
EDUARDO GALEANO

EDUARDO GALEANO.

Las bocas del tiempo. S. XXI

Pequenas historias sobre o amor, a infancia, a auga, a terra, a palabra, a imaxe, a música, o éxodo, o poder, o medo, a guerra, a indignidad, a indignación,...



JUAN MARSÉ.

Si te dicen que caí. Debolsillo



ARTURO PÉREZ REVERTE.

El tango de la guardia vieja.

Alfaguara.

Tango, xadrez, erotismo, ...
Unha oscura e apaixonada historia de amor, traicións e intrigas.



PARA VER


LA SONRISA DE MONA LISA

Dirixida por Mike Newell e protagonizada por Julia Roberts. Conta a historia dunha profesora de arte que transmite ás súas alumnas novos valores que rompen radicalmente coa sociedade americana conservadora e tradicional na que viven. A profesora amósalles un tipo de vida diferente na que teñen cabida as aspiracións da muller dos anos 50, época na que os roles comezan a cambiar na sociedade norteamericana.



NÁUFRAGO.

A historia do Robinson moderno. Dirixida por Robert Zemeckis e protagonizada por Tom Hanks. Unha historia de supervivencia e de esperanza. Unha análise da soidade do home fronte á natureza. Unha reflexión sobre o mundo material e a comodidade na que se basea a sociedade dos países desenvolvidos. Unha boa historia para disfrutar en familia este Nadal.



LA DUQUESA

Historia de Georgiana, fermosa muller que viviu na Inglaterra do século XVIII. Casada co duque de Devonshire, formaba parte dos círculos políticos da época influíndo notablemente neles. Sen embargo a súa vida privada estaría marcada pola humillación e o desamor.



Bo Nadal
2012



O Equipo de Biblioteca do IES de Monterroso deséxavos a todas/os
UN NADAL DE FELICES LECTURAS

